COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS DE BALONCESTO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Este regulamento foi aprobado pola Xunta Directiva da Federación Galega de Baloncesto, para dar cumprimento ao establecido no artigo 178 do Regulamento Xeral da FEGABA.

Data de entrada en vigor: 19/02/2026

ÍNDICE

- Título Preliminar. Disposicións Xerais.
  - · Artigo 1. Natureza.
  - · Artigo 2. Funcións.
    - A) No exercicio das súas competencias técnicas e organizativas.
    - B) Relativas ás súas competencias formativas.
  - · Artigo 3. Enderezo.
  - · Artigo 4. Ámbito territorial.
- Título I. Dos membros do Comité.
  - · Artigo 5. Membros de pleno dereito.
- Título II. Da organización e funcionamento do Comité.
  - · Artigo 6. Órganos.
  - - Capitulo I. Do Director Técnico.
    - · Artigo 7. Competencias.
    - · Artigo 8. Funcións.
  - - Capítulo II. Do Secretario.
    - · Artigo 9. O Secretario do Comité.
  - -Capítulo III. Da estrutura interna do Departamento Arbitral.
    - · Artigo 10. Competencias.
    - · Artigo 11. O Departamento Técnico Arbitral. Composición.
    - - Artigo 12. Competencias dos órganos internos.
      - 1. Responsables Arbitrais Zonais (RAZ).
      - 2. Responsable Autonómico da Área de Oficiais de Mesa.
      - 3. Responsable da Escola Galega de Árbitros de Baloncesto ESGAR.
      - 4. Responsable Autonómico da Área de Arbitraxe 3x3.
      - 5. Técnicos Autonómicos, Zonais e Informadores Arbitrais.

- Título III. Dos árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais e aspirantes a árbitros ou oficiais de mesa.

·Artigo 13. Dos árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais e aspirantes a árbitros ou oficiais de mesa.

· Artigo 14. Dereitos dos membros.

· Artigo 15. Obrigas dos membros.

- Título IV. Da obtención da licenza federativa de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral.

·Artigo 16. A licenza federativa.

· Artigo 17. Categorías.

· Artigo 18. Requisitos para a obtención da licenza federativa.

· Artigo 19. Prazos para a tramitación ou denegación da licenza federativa.

· Artigo 20. Procedemento para a obtención da licenza federativa.

· Artigo 21. Cursos de preparación da proba de coñecemento teórico.

· Artigo 22. Obtención da licencia federativa.

-Título V. Das designacións de árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais.

·Artigo 23. As designacións.

-Título VI. Das infraccións cometidas polos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais e do procedemento disciplinario.

- Capítulo I. Das infraccións ás Regras de Xogo.

· Artigo 24. Infraccións moi graves.

· Artigo 25. Infraccións graves.

· Artigo 26. Infraccións leves.

- Capítulo II. Das infraccións ás Normas Xerais Deportivas.

· Artigo 27. Infraccións ás Normas Xerais Deportivas.

a) Concepto.

b) Clases de infraccións e as súas sancións.

- Capítulo III. Do procedemento disciplinario.

· Artigo 28. Órganos disciplinarios.

· Artigo 29. Normativa e ámbito.

· Artigo 30. Procedemento.

· Artigo 31. Recursos.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS DE BALONCESTO

(Calquera referencia que se faga neste regulamento a árbitro tamén fai mención ao xénero feminino. Esta mención debe entenderse unicamente por razóns prácticas).

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Natureza. (Artigo 94 dos Estatutos).

O Comité Galego de Árbitros de Baloncesto, (C.G.A.B.) é o órgano técnico subordinado á disciplina da Federación Galega de Baloncesto (F.G.B. e en adiante FEGABA) que ten como funcións coidar da captación, formación e organización dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais no ámbito galego, así como a execución, desenvolvemento e asesoramento á FEGABA nas funcións e competencias na área arbitral.

O artigo 36 dos Estatutos da FEGABA establece que os organismos dependentes dela rexeranse polas súas propias normas e regulamentos, con subordinación ao propio Estatuto e ao resto de disposicións federativas vixentes e coa limitación do seu propio ámbito de competencias.

En aplicación do citado artigo, dítase o presente regulamento de réxime interior.

Artigo 2. Funcións. (Artigo 95 dos Estatutos).

Serán funcións deste Comité:

A) No exercicio das súas competencias técnicas e organizativas.

1) Establecer os niveis de formación arbitral, elaborando as directrices para a planificación e o desenvolvemento da actividade arbitral.

2) Clasificar tecnicamente os árbitros e os oficiais de mesa, en función de criterios elaborados polo citado Comité, comunicándolle á Xunta Directiva da FEGABA as adscricións ás categorías correspondentes.

3) En aplicación do disposto no parágrafo anterior, propor os candidatos a árbitros das categorías da FEGABA e da Federación Española de Baloncesto (F.E.B.).

4) Proporlle á Xunta Directiva da FEGABA as normas administrativas que considere necesarias *para regular* a arbitraxe, aos efectos de conseguir un *axeitado* desenvolvemento da actividade arbitral.

5) Designar os colexiados nas competicións oficiais.

6) Colaborar cos órganos competentes da FEGABA.

7) Aos efectos funcionais, estará vinculado e cooperará co Comité Técnico de Árbitros da Federación Española de Baloncesto coa finalidade de ter unha estreita unidade orientada ao servizo da arbitraxe. E na mesma liña, coordinarase cos distintos Comités de Árbitros das restantes Federacións Autonómicas de Baloncesto, co fin de deseñar unha liña de actuación conxunta orientada á harmonización das regras da arbitraxe. Neste senso, procurará adoptar calquera modificación relativa á normativa ou criterio arbitral que a F.E.B. estipule oportuna, sen facer distincións entre competicións nacionais e autonómicas.

8) Redactar e aprobar a Memoria Anual de Actividades que, unha vez aprobada pola Xunta Directiva da FEGABA, será incluída na Memoria de Actividades que a mesma federación presentará na correspondente Asemblea Xeral.

9) Exercer a inspección e control das funcións arbitrais de ámbito territorial.

B) Relativas as súas competencias formativas.

1) Programar e coordinar cursos de carácter formativo, establecendo os niveis académicos que sexan necesarios, encamiñados á obtención das licenzas oficiais de árbitros e oficiais de mesa expedidas pola FEGABA.

2) Programar e coordinar as probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación destinadas ós árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais.

3) Elaborar ou homologar o material formativo para cursos e probas.

4) Cualificar as probas, controis ou exames para a obtención da licenza oficial de árbitros e oficiais de mesa, expedida pola FEGABA.

Artigo 3. Enderezo.

O comité ten o mesmo domicilio que a FEGABA, en Santiago de Compostela, no Estadio Municipal Verónica Boquete- San Lázaro, Porta 14, C.P. 15707.

Artigo 4. Ámbito territorial.

1. O ámbito de actuación do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto é a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O Comité Galego de Árbitros de Baloncesto adoptará a estrutura territorial da FEGABA.

TÍTULO I. DOS MEMBROS DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS DE BALONCESTO.

Artigo 5. Membros de pleno dereito.

1. Serán membros de pleno dereito do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto todos os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais que, estando en posesión da correspondente titulación outorgada pola FEGABA, teñan a súa licenza oficial en vigor.

De acordo co establecido no artigo 34 dos Estatutos da FEGABA, todos os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais inscritos no Comité Galego de Árbitros estarán sometidos ás normas e disposicións da FEGABA, contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos citados estatutos e participarán nas distintas actividades organizadas polo comité e para as que foran convocados.

2. En aplicación do disposto no Regulamento Disciplinario da FEGABA, a condición de membro de pleno dereito poderase perder pola comisión dalgunha das infraccións ás Normas Xerais Deportivas contempladas como moi graves no seu artigo 55, e sancionable con inhabilitación a perpetuidade, atendendo á gravidade do acto cometido e ao prexuízo causado, logo da tramitación do correspondente procedemento regulado no seu Capítulo Cuarto, artigos 60 e seguintes.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS DE BALONCESTO.

Artigo 6. Órganos.

Os órganos do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto, de acordo co establecido nos artigos 97 dos Estatutos e 180 do Regulamento Xeral da FEGABA, son:

a) O Director Técnico.

b) O secretario.

O citado artigo dos Estatutos recolle que serán nomeados e cesados polo Presidente da FEGABA, e non poderán exercer funcións en activo de adestrador, xogador, directivo ou delegado de club, nin xornalista deste deporte.

CAPÍTULO I. DO DIRECTOR TÉCNICO DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS DE BALONCESTO.

Artigo 7. Competencias.

1. Está ao fronte do Departamento Técnico Arbitral, segundo dispón o artigo 183 do Regulamento Xeral da FEGABA.

2. Correspóndelle regular a actividade da arbitraxe, de acordo coas funcións establecidas no artigo 95 dos Estatutos da FEGABA.

3. Como responsable do Comité Galego de Árbitros, ostenta a súa representación en cantas instancias sexan necesarias.

4. Dirixe e coordina as actividades do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

5. Convoca e preside as xuntanzas dos Comités, tanto o de Árbitros como o Técnico.

Artigo 8. Funcións.

De acordo co recollido no artigo 181 do Regulamento Xeral da FEGABA, as súas funcións son as contempladas no artigo 95 dos Estatutos da FEGABA:

a) Establecer por escrito, para que sexan de público coñecemento, os niveis de formación arbitral, así como de programación e planificación do traballo técnico a realizar cada tempada por todo o Departamento Técnico Arbitral.

b) Clasificar tecnicamente os árbitros e os oficiais de mesa nas diferentes categorías, en función de criterios prefixados polo Comité, comunicándolle á Xunta Directiva as adscricións correspondentes.

c) Propor os candidatos aos árbitros de categorías da FEGABA e F.E.B.

d) Proporlle á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitraxe.

e) Coordinar as designacións dos colexiados nas competicións oficiais.

f) Colaborar cos órganos competentes da FEGABA.

g) Exercer a coordinación, inspección e control das funcións arbitrais de ámbito territorial, designando para elo ás persoas que compoñen o Departamento Técnico Arbitral ao que se fai mención no capítulo III deste título.

CAPÍTULO II. DO SECRETARIO

Artigo 9. O Secretario do Comité Galego de Árbitros.

Segundo o artigo 182 do Regulamento Xeral da FEGABA, correspóndelle:

a) Responsabilizarse da tramitación e do arquivo da documentación do comité, de acordo cos criterios establecidos pola Secretaría Xeral e polo Comité de Actividades da FEGABA.

b) Redactar as actas das reunións, así como daquelas actuacións ou decisións que se adopten no exercicio das competencias propias do comité ou do departamento técnico.

c) Actuar de xeito coordinado cos departamentos de Secretaría Xeral, Administración e Comité de Actividades da FGB e Responsables Arbitrais Zonais en todo aquilo que lles afecte como consecuencia das designacións dos árbitros para os encontros.

CAPÍTULO III. DA ESTRUTURA INTERNA DO DEPARTAMENTO TÉCNICO ARBITRAL.

Artigo 10. Competencias.

O Departamento Técnico Arbitral constitúese aos efectos de garantir un cumprimento efectivo das competencias que corresponden ao Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

Artigo 11. O Departamento Técnico Arbitral. Composición.

1. Ademais da pertenza, de oficio, do Director Técnico do Comité Galego de Árbitros e do Secretario, para a axeitado cumprimento da función contemplada no apartado g) do artigo 10 deste regulamento, o Departamento Técnico Arbitral estruturase coa seguinte composición interna:

a) Responsables Arbitrais Zonais (RAZ).

b) Responsable Autonómico da Área de Oficiais de Mesa.

c) Responsable da Escola Galega de Árbitros de Baloncesto.

d) Responsable Autonómico da Área de Arbitraxe 3x3.

e) Técnicos Autonómicos, Zonais e Informadores Arbitrais.

2. Corresponde ao Director Técnico do Comité Galego de Árbitros en coordinación cos Responsables Arbitrais Zonais a competencia para designar ás persoas que ocupen estes postos.

Artigo 12. Competencias dos órganos internos.

1. Responsables Arbitrais Zonais (RAZ).

a) Serán os responsables técnicos e designadores da área arbitral nas delegacións zonais.

b) Traballarán seguindo as directrices técnicas do Director Técnico do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

c) Encargaranse da captación e da organización dos cursos de iniciación á arbitraxe das persoas interesadas en formar parte do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto

d) Farán seguimento, formación e reciclaxe dos árbitros e oficiais de mesa do seu comité zonal, seguindo as pautas do Director Técnico do Comité.

e) Informarán ao Director Técnico do Comité da evolución dos membros do seu comité zonal e proporanlle a aqueles que valoren como axeitados para a súa promoción interna, así como os que consideren para a súa inclusión na Escola Galega de Árbitros ESGAR.

Para todo o anterior, poderán contar con persoas colaboradoras, pero responderán sempre persoalmente desde o punto de vista técnico, ante o Director Técnico do Comité Galego de Árbitros.

2. Responsable Autonómico da Área de Oficiais de Mesa.

a) En colaboración cos RAZ encargarase de coordinar a formación específica para os oficiais de mesa do Comité Galego.

b) Organizará actividades de seguimento e control para garantir a axeitada promoción dos oficiais de mesa.

c) Proporá ao Director Técnico a composición das listas de oficiais de mesa en todas as categorías dentro do ámbito do Comité Galego.

3. Responsable da Escola Galega de Árbitros de Baloncesto ESGAR.

a) Coordina o funcionamento da escola, como núcleo de formación para grupos de árbitros de recente incorporación pero con unha perspectiva de progresión que os técnicos do comité entenden axeitada para ese tipo de formación continua e específica.

b) Organiza o programa formativo de cada tempada, as actividades e o profesorado que impartirán a súa docencia.

c) Presentará unha memoria ao Director Técnico do Comité como resumo de cada curso, informando do aproveitamento de cada alumno e a súa posible inclusión nalgunha das listas para a vindeira tempada.

4. Responsable Autonómico da Área de Arbitraxe 3x3

a) Fai seguimento dos árbitros que dirixan partidos desta especialidade dentro do baloncesto.

b) Encárgase da súa formación específica.

5. Técnicos Autonómicos, Zonais e Informadores Arbitrais.

a) Baixo a directa dependencia do Director Técnico e en estreita colaboración cos RAZ, encárganse da realización de actividades de formación, seguimento, información e valoración dos árbitros adscritos ao Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

b) Informarán ao Director Técnico sobre as súas actividades coa finalidade de que nas listaxes de árbitros de cada categoría estean aqueles que sexan mais idóneos.

c) Para os fins anteriores, manterán reunións de coordinación co Director Técnico para aplicar os mesmos criterios técnicos nos seus informes.

TÍTULO III. DOS ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA, TÉCNICOS ARBITRAIS E ASPIRANTES A ÁRBITROS OU OFICIAIS DE MESA.

Artigo 13. Dos árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais e aspirantes a árbitros ou oficiais de mesa.

De acordo con establecido nos artigos 28 dos Estatutos e 59 do Regulamento Xeral da FEGABA, defínense as seguintes categorías de membros do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

1. Árbitros. Son as persoas naturais que, coas categorías que regulamentariamente se determinen e tras obter a correspondente licenza federativa, coidan da aplicación e cumprimento das regras oficiais de xogo e demais normas de aplicación durante os encontros, e posúen a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.

2.- Oficiais de mesa. Son as persoas naturais que, coas categorías que regulamentariamente se determinen e tras obter a correspondente licenza federativa, colaboran cos árbitros no desempeño das súas funcións durante os encontros.

3.- Técnicos arbitrais. Terán esta consideración aquelas persoas que subscriban a pertinente licenza federativa e colaboren co Comité Técnico realizando informes sobre actuacións arbitrais ou calquera outra tarefa relacionada coa formación e o seguimento de árbitros e oficiais de mesa.

4.- Aspirantes a árbitros u oficiais de mesa. Son aquelas persoas que teñan menos de 14 anos e que, despois de superar as probas de acceso a calquera destes dous estamentos, por razón da súa idade, aínda non poidan ser árbitros u oficiais de mesa, pero si estar presentes dentro do ámbito formativo do Comité.

Artigo 14. Dereitos dos membros.

Os membros do Comité Galego de Árbitros terán os seguintes dereitos:

1. Colaborar no cumprimento das funcións específicas do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto, coñecer as súas actividades e expoñer libremente as súas opinións, valoracións e suxestións no seo do propio comité.

2. Esixir que as actuacións do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto se axusten ó disposto no presente regulamento, nos Estatutos e no Regulamento Xeral da FEGABA.

3. Acceder á formación continua, asistindo ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación aos que sexan convocados pola FEGABA, polas delegacións zonais ou polo propio comité.

4. Recibir unha avaliación como mínimo anual, acorde á súa categoría, ben sexa a través dunha chamada do seu responsable inmediato ou de informes por escrito, de tal xeito que coñeza o seu estado de cara ó traballo a desenvolver a comezos da seguinte tempada.

5. Estar en posesión dun seguro obrigatorio que cubra os riscos derivados da práctica da modalidade deportiva correspondente e recibir as prestacións médicas nos casos de cobertura previstos.

6. Percibir a través do Comité as cantidades que se establezan cada tempada como tarifas pola participación nos encontros para os que foran designados.

7. Ser clasificado nunha das categorías establecidas pola FEGABA a través do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

8. Participar como electores e elixibles nas eleccións a representantes do seu estamento na asemblea xeral e na comisión delegada -sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos na normativa de aplicación- así como na do presidente da FEGABA.

9. Solicitar excedencia de como máximo 3 anos por motivos xustificados (enfermidade, maternidade, paternidade, traslado laboral ou por estudos) onde o comité arbitral respectará a categoría do árbitro ou oficial de mesa unha vez finalizado o prazo solicitado. Dita excedencia poderá ser de máximo un ano sen ter que xustificar ningún motivo perante o comité arbitral.

10. Manter a categoría que ostente un árbitro ou oficial de mesa e que por motivo dun cambio de domicilio dito desprazamento teña como consecuencia a variación do seu comité arbitral zonal de orixe dentro do CGAB.

Artigo 15. Obrigas dos membros.

Os membros do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto terán as seguintes obrigas:

1. Participar en calquera comisión e/ou actividade para a que foran designados polo Comité Galego de Árbitros de Baloncesto.

2. Acatar as decisións que regulamentariamente correspondan ó Comité Galego de Árbitros de Baloncesto e someterse á súa disciplina así como á da FEGABA.

3. Asistir ás probas e cursos ós que sexan convocados pola FEGABA. No caso de non poder asistir deberá xustificarse a ausencia.

4. Manter un comportamento ético e exemplar nas pistas, así como cando representen ó Comité Galego de Árbitros en actividades públicas ou en Redes Sociais. E non intervir en actividades deportivas relacionadas co baloncesto sen autorización da F.G.B.

5. Utilizar de xeito adecuado da imaxe e medios oficiais do comité, tendo especial coidado e atención coa uniformidade, utilizando a establecida polo Comité Galego de Árbitros de Baloncesto, que deberá estar en perfecto estado.

6. Retirar cada semana as designacións dos encontros e darse por informados destas, segundo as normas do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto e as súas delegacións zonais.

7. Asistir e exercer as súas funcións nos partidos para os que sexan designados. Para que esta obriga quede dispensada os colexiados deberán xustificar debidamente por escrito e coa antelación prevista nas normas do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto a súa indispoñibilidade ou a imposibilidade para ser designado durante un período de tempo.

8. Coñecer as regras do xogo, así como a normativa da FEGABA, con especial atención aos Regulamentos xerais e as Bases das Competicións na parte que lles afecte.

9. Estar ao corrente no pago dos importes da licenza federativa e da mutualidade.

TÍTULO IV. DA OBTENCIÓN DA LICENZA FEDERATIVA DE ÁRBITRO, OFICIAL DE MESA OU TÉCNICO ARBITRAL.

Artigo 16. A licenza federativa.

É o documento oficial que acredita para pertencer a calquera das categorías de membros do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto que se recollen no capítulo anterior.

A ela faise referencia nos artigos 63 e 64 do Regulamento Xeral da FEGABA, no senso de que os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais deberán dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada a través do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto. Cada licenza terá validez por unha tempada.

A sinatura da licenza ten carácter de declaración formal do árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral, respecto dos datos que figuran nesta, responsabilízao da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos pola normativa federativa.

Artigo 17. Categorías.

1. O artigo 62 do Regulamento Xeral da FEGABA dispón que os árbitros e oficiais de mesa poderanse clasificar por categorías. A clasificación dos árbitros será efectuada pola Federación Galega de Baloncesto a través da proposta do Comité Galego de Árbitros. Para levar a cabo tal clasificación poderá establecer as probas que considere oportunas.

2. E en relación aos aspirantes a árbitros e oficiais de mesa dispón que é obrigatorio que superen un curso de formación e unha proba final que os habilite para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 18. Requisitos para a obtención da licenza federativa.

De acordo co establecido nos artigos 29 dos Estatutos e 60 do Regulamento Xeral, para que os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais poida subscribir licenza federativa, deben reunir os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán da Unión Europea, aínda que este requisito poderá ser dispensado pola FEGABA en determinados supostos.

b) Ter máis de catorce anos.

c) Ter superada a formación de iniciación oficial de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral, recoñecida pola FEGABA.

d) Para que un técnico arbitral poida obter licenza federativa deberá ser árbitro ou oficial de mesa en activo.

e) Excepcionalmente expedirase licenza aos aspirantes a árbitros ou oficiais de mesa que teñan menos de 14 anos e superaran as probas de acceso a calquera destes estamentos.

Artigo 19. Prazos para a tramitación ou denegación da licenza federativa.

1.- A licenza federativa de arbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral será outorgada polo Secretario da FEGABA, a proposta do Comité Técnico de Árbitros de Galicia.

2.- O Comité Técnico de Árbitros de Galicia proporá ao Presidente da FEGABA todos os candidatos que superaran as probas para a consecución da licenza de árbitro, oficiais de mesa e técnicos arbitrais establecidas regulamentariamente.

3.- Nos mesmos prazos establecidos para a súa concesión, deberá comunicarse ao interesado por parte da FEGABA, a denegación da licenza federativa para a consecución do título de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral, indicando os motivos.

Artigo 20. Procedemento para a obtención da licenza federativa.

a) Requisitos previos.

Son os recollidos no artigo 18 deste regulamento.

b) Proba de coñecemento teórico.

1. Para constatar o coñecemento teórico dos aspirantes realizarase unha proba de carácter autonómico para a obtención das respectivas licenzas, coa obriga de convocatoria a proposta do Comité Galego de

Árbitros de Baloncesto, previo informe do Comité Técnico de Árbitros de Galicia como mínimo unha vez ó ano.

2. O temario da probas, así como as súas posibles modificacións, serán definidos polo Comité Técnico de Árbitros de Galicia e publicados pola FEGABA mediante circular, e a través da súa páxina web oficial www.fegaba.com/arbitros/ como mínimo un mes antes da data da proba.

3. A FEGABA, a través dos membros que designe o Comité Técnico de Árbitros de Galicia, será a responsable da preparación, copia e distribución das probas aos aspirantes.

4. Obrigatoriamente os membros do Comité Técnico de Árbitros deberán emitir un informe sobre o desenvolvemento das probas, que será elevado á FEGABA.

5. A comisión de avaliación será designada pola FEGABA, e estará composta polos seguintes membros:

a) Un Director, que será o do Comité Técnico de Árbitros.

b) Un Secretario, que será o do Comité Técnico de Árbitros.

c) Tres vogais que se escollerán aleatoriamente entre aos Responsables Arbitrais Zonais.

6. O Tribunal cualificará as probas coa cualificación de apto ou non apto.

Artigo 21. Cursos de preparación da proba de coñecemento teórico.

O Comité Técnico de Árbitros de Galicia, co temario detallado no artigo 20.2, poderá desenvolver cursos para a axeitada preparación do temario, aos que poderán asistir os aspirantes á obtención da licenza federativa nas súas distintas categorías, previo pago dunha cantidade económica en concepto de inscrición, fixada e comunicada previamente polo Comité Técnico de Árbitros de Baloncesto.

Artigo 22. Obtención da licenza federativa.

Despois de superar a proba de coñecemento teórico, segundo o previsto no artigo 20, os aspirantes para a obtención a unha das categorías de licenza establecidas deberán facer efectivo o pago dunha cantidade económica, fixada e comunicada previamente polo Comité Galego de Árbitros de Baloncesto, en concepto de dereitos de inscrición e obtención da licenza.

TÍTULO V. DAS DESIGNACIÓNS DE ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS ARBITRAIS.

Artigo 23. As designacións.

A competencia para as designacións en cada competición corresponde ao Comité Técnico de Árbitros de Galicia, de acordo cos requisitos que considere oportunos, e que como mínimo serán os seguintes:

a) Igualdade de oportunidades.

b) Os méritos, capacidades, coñecementos e experiencia das persoas designadas.

c) A dispoñibilidade, tendo en conta a que se fixa como mínima cada temporada para os árbitros FEB, autonómicos e oficiais de mesa FIBA, ACB e FEB.

TÍTULO VI: DAS INFRACCIÓNS COMETIDAS POLOS ÁRBITROS, OFICIAS DE MESA E TÉCNICOS ARBITRAIS E DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO.

CAPÍTULO I. DAS INFRACCIÓNS ÁS REGRAS DE XOGO.

Artigo 24.- Infraccións moi graves.

De acordo co establecido no artigo 43 do Regulamento Disciplinario da FEGABA, consideraranse infraccións moi graves, que serán sancionadas coa suspensión da licenza federativa de un a catro anos:

a) A agresión a calquera outro compoñente do equipo arbitral, adestradores, xogadores, asistentes, delegados de campo, directivos, espectadores, autoridades deportivas, ou en xeral, a calquera persoa.

b) A parcialidade probada cara un dos equipos.

c) A redacción, alteración ou manipulación intencionada da acta do encontro de forma que as súas anotacións non se correspondan co acontecido no terreo de xogo, ou a información maliciosa ou falsa.

Ditas infraccións, de acordo co exposto no artigo 5.2 deste regulamento poderían supoñer a perda da licenza federativa e a imposibilidade de solicitar a tramitación da mesma de forma perpetua, así como a perda dos dereitos económicos que lle puideran corresponder á persoa infractora.

Artigo 25. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións GRAVES, que se sancionarán con suspensión de un a doce meses, as seguintes:

a) A negativa a cumprir as súas funcións nun encontro ou aducir causas falsas para evitar unha designación.

b) A non comparecencia inxustificada a un encontro, cando motive a súa suspensión.

c) Suspender un encontro sen a concorrencia das circunstancias previstas para elo no artigo 136 do Regulamento Xeral da FEGABA. Neste suposto, cando o partido se retome, todos os gastos ocasionados por este feito serán asumidos polo Comité de Árbitros correspondente.

d) Insultar, ameazar ou coaccionar a calquera das persoas mencionadas no apartado a) do artigo anterior.

e) O comportamento incorrecto e antideportivo que provoque a animosidade do público.

f) Facer comentarios en público difamatorios en contra da FEGABA, o Colexio Galego de Árbitros de Baloncesto e os seus membros, así como do resto de compañeiros.

g) Dirixir encontros amigables ou doutras competicións sen a correspondente autorización da FEGABA ou da delegación zonal á que lle corresponda a designación a través do seu Comité de Árbitros.

Nestes supostos poderase impoñer tamén a perda total ou parcial dos dereitos económicos que lle puideran corresponder.

Artigo 26. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións LEVES, que serán sancionadas con apercibimento ou suspensión ata un mes:

a) Non presentarse vinte minutos antes do encontro no terreo de xogo, convenientemente uniformado, de acordo coa regulamentación vixente.

b) Calquera acto de desconsideración ou dirixirse a calquera persoa con insultos expresións ou ademáns incorrectos.

c) A pasividade ante actitudes antideportivas dos/as compoñentes dos equipos participantes.

d) A redacción e/ou cobertura incompleta, defectuosa ou equivocada da acta; a non remisión da mesma ou non remitila na forma e o prazo establecidos; a non remisión das licenzas retidas cando proceda, segundo o disposto regulamentariamente; a falta de remisión dos certificados, autorizacións ou documentación entregada polos equipos para a celebración dos encontros; non comunicar os resultados na forma e prazos establecidos nas normas específicas para as competicións organizadas pola FEGABA ou nas que colabore a mesma.

e) A ausencia inxustificada a un encontro cando non motive a suspensión deste.

f) A falta de informe, cando lle corresponda realizalo ou sexa requirido para emitilo polo Comité de Competición, sobre feitos ocorridos antes, durante ou despois dun encontro, ou a información equivocada, así como a non remisión da acta do encontro no prazo establecido cando neste haxa incidentes.

g) O incumprimento das instrucións do arbitro principal por calquera das persoas que conforman o equipo arbitral dese encontro.

h) O incumprimento puntual das súas obrigas, así como non dar dispoñibilidade mínima, de forma puntual e sen motivación xustificada.

Nestes supostos poderase impoñer tamén a perda total ou parcial dos dereitos económicos que lle puideran corresponder.

CAPÍTULO II. DAS INFRACCIÓNS ÁS NORMAS XERAIS DEPORTIVAS.

Artigo 27. Infraccións ás Normas Xerais Deportivas.

A) Concepto.

Son infraccións ás normas xerais deportivas as accións e omisións non comprendidas no capítulo das infraccións ás Regras de Xogo e que sexan contrarias ao disposto na Lei do deporte e disposicións de desenvolvemento, nos estatutos e regulamentos da FEGABA e en calquera outra disposición federativa.

b) Clases de infraccións e as súas sancións.

Os artigos 55, 56 e 57 do Regulamento Disciplinario da FEGABA recollen, respectivamente, este tipo de infraccións clasificándoas en moi graves, graves e leves e as súas sancións.

E no Capítulo III do Regulamento Disciplinario da FEGABA, indícase expresamente que a condición de membro de pleno dereito poderase perder pola comisión dalgunha das infraccións ás Normas Xerais Deportivas contempladas como MOI GRAVES no seu artigo 55, e sancionable con inhabilitación a perpetuidade, atendendo á gravidade do acto cometido e ao prexuízo causado, logo da tramitación do correspondente procedemento regulado no seu Capítulo Cuarto, artigos 60 e seguintes.

CAPÍTULO III. DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO.

Artigo 28. Órganos disciplinarios.

De conformidade co establecido nos artigos 100 a 108 dos Estatutos da FEGABA, que regulan este procedemento os órganos disciplinarios son o Comité de Competición e o Comité de Apelación e gozan de independencia respecto dos restantes órganos federativos e exercen a potestade disciplinaria, segundo o recolle o artigo 60 do Regulamento Xeral.

Artigo 29. Normativa e ámbito.

O réxime disciplinario da F.G.B. desenvolvese conforme establecen os principios xerais do dereito sancionador e que con carácter xeral atópase regulado na Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia e normas de desenvolvemento, así como nos Estatutos da FEGABA.

O ámbito da potestade disciplinaria esténdese as infraccións das regras do xogo ou competición e as normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012, 2 de abril do deporte de Galicia, na súa normativa de desenrolo e nos presentes Estatutos.

A FEGABA exerce a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica, segundo o indicado no artigo 2 do Regulamento Disciplinario da FEGABA, e en xeral comprende a todas aquelas persoas físicas e entidades que estando federadas desenvolvan a actividade deportiva correspondente no ámbito da Comunidade Galega.

Artigo 30. Procedemento.

Será o establecido nos artigos 60 e seguintes do Regulamento Disciplinario da FEGABA.

O Comité Galego de Competición é o competente para tramitar o procedemento en primeira instancia e ditar as resolucións de carácter disciplinario que procedan, como consecuencia das infraccións cometidas polos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais.

Artigo 31. Recursos.

a) As resolucións ditadas polo Comité Galego de Competición da FEGABA poderán ser recorridas ante o Comité Galego de Apelación da FEGABA na forma que regulamentariamente se estableza.

b) As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da FEGABA en relación coas resolucións adoptadas polo Comité Galego de Competición, poderán ser recorridas no prazo de 15 días hábiles, a partir da súa notificación, ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia, de acordo en cada caso coa normativa vixente.

c) Segundo se regula nas normas de disciplina deportiva, a presentación dun recurso non suspenderá o cumprimento da sanción imposta, salvo que o órgano competente para resolvelo o acorde con carácter previo á resolución, de oficio ou por petición de parte interesada no mesmo escrito de recurso, e ata que a dita resolución se produza.

Este Regulamento de Réxime Interior do Comité Galego de Árbitros de Baloncesto sométese para a súa aprobación á Xunta Directiva da FEGABA, para dar cumprimento ao establecido no artigo 178 do Regulamento Xeral da FEGABA e está subordinado aos seus Estatutos e Regulamento Xeral. E entrará en vigor ao día seguinte desa aprobación.